


KITCHEN STORIES



Tít. orixinal: *Salmer fra kjøkkenet*

Ano: 2003

Duración: 95 min.

País: Noruega

Dirección: Bent Hamer

Guión: Bent Hamer, Jörgen Bergmark

Música: Hans Mathisen

Fotografía: Philip Ogaard

Reparto: Joachim Calmeyer, Tomas Norström, Reine Brynolfsson, Bjorn Floberg, Sierre Ander Ousdal, Leif André, Gard B. Eidsvold, Lennart Jähkel

Productora: Bulbul Film / Bob Film

Xénero: comedia

Non recomendada para menores de 13 anos

Sinopse: Ó longo do período da posguerra, os analistas do Instituto Sueco de Estudos Económicos descubriron que, si se organizaban axeitadamente as tarefas da cociña, seguindo o modelo das cadenas de montaxe das fábricas, os beneficios económicos que se derivarían para a unidade familiar e para a sociedade poderían ser inxentes. Tras describir o comportamento da ama de casa sueca, os científicos quixeron ampliar a investigación máis alá dos límites xeográficos e de xénero nas que se moveran ata entón investigando a comarca rural de Landstad, rexión caracterizada pola abundancia de homes solteiros.

O sentido da vida arredor do fregadoiro,

tomado de Miradas de Cine nº 39



Que Alfred Kinsey examinase ós seus entrevistados de xeito frío na película homónima (*Kinsey*, Bill Condon, 2004) era atribuíble tanto á metodoloxía seguida no estudo sobre o sexo como ó seu carácter e a súa profesión de entomólogo. A asepsia requirida na investigación levada a cabo en *Kitchen Stories* é difícil de levar a termo ata polo máis meticuloso dos enquisadores tanto polos ríxidos criterios do esaxerado protocolo de investigación como pola vontade do director da película, Bent Hamer.

En aparencia, *Kitchen Stories* narra a curiosa investigación dun suposto organismo que trata de determinar cales deben ser os patrones de distribución e ergonómia das vivendas nórdicas e, especificamente, das cociñas. Antecesor das ideas de comodidade e eficiencia da marca nórdica IKEA, o Estudo Sueco do Fogar, tal e como aparece na pantalla, mediu, cronometrou e calculou as distancias percorridas polas amas de casa suecas nas súas cociñas. O seu obxectivo é bosquejar unha distribución do mobiliario e os utensilios de maneira máis racional. En escenas supostamente documentais, ó inicio da película, unha ama de casa fai as tarefas mentres se rexistran os seus movementos e o consumo de osíxeno que efectúa. Noutro experimento, a institución traslada os seus recursos á veciña Noruega. Cada investigador, desprazado individualmente con coche e caravana, instalárase xunto o domicilio dun solteirón noruegués para facer á análise equivalente nas súas cociñas. Sentados nunha especie de cadeira de xuíz de tenis, nunha esquina da habitación, os observadores rexistrarán minuciosamente tódolos movementos do seu "anfitrión". A natureza do estudo non permite interacción algunha entre investigador e os suxeitos do experimento, nin intercambio de palabras, nin convivencia.

Bent Hamer vai trazando o fío da súa narración cunha calma e ironía moi sutil. Tan sutil que temos a dificultade en identificar que escenas son humor nórdico, bromas privadas entre suecos e noruegueses (como o cambio de carril de circulación do conxunto ó cruzar a fronteira, ó que se alude repetidamente), e cales se limitan a describir as personaxes dende un punto de vista distanciado. A súa estratexia de posta en escena, lacónica pero incisiva, non resulta allea (salvando as distancias) a das primeiras obras de Lasse Hallström (*Once around*), ás obras mestras de Aki Kaurismäki ou ó estilo narrativo dun escritor finés actualmente de moda como é Arto Paasilinna (*O muiñeiro aullador*), autores todos eles capaces de evidenciar o humor que nace do absurdo cotiá, da estupidez das reaccións humanas ou da

inflexibilidade das institucións. Situados tras unha barreira de distanciamento, as miradas destes autores permiten diferenciar claramente posturas morais das súas personaxes, facilitando ó espectador a admiración cara uns e o desprezo polos outros. Con breves trazos Bent Hamer explicita, sucesivamente, a inocencia de Isak que se enrolou no estudo para obter un cabalo e a quen enganar agasallándolle un cabaliño de xoguete, a soidade de Folke (cuxa única ledicia é empacharse coa comida sueca enviada por unha tía), a indiferencia cara o experimento por parte do doutor Ljunberg (que aparece repetidamente en calzóns na pista de aterraxe ante o seu subordinado mentres no interior do seu avión privado óense risas femininas), a baixa catadura de Malmberg que se cuadra ante un xefe que o ignora (e que espera un mellor destino profesional), o desconcerto de Grant desprazado do seu papel de único amigo de Isak (espléndida a breve escena na que, só na neve, agasallo en man, asume que Isak prefire a Folke para compartir a festa de aniversario).

A diferenza das personaxes de *Kinsey*, epidemiólogos que se involucran no estudo e no sexo, Folke cumpre o seu obxectivo con resignación. Pero, anque un investigador de campo debe ser imparcial e aséptico, non deixa de ser humano. Tras varias semanas no alto dunha cadeira, observando as evolucións de Isak na súa cociña, non pode evitar sinalarlle avergoñado onde está a sal (que el desprazou) ou ofrecerlle o tabaco que lle falta, Folke denota a superioridade da humanidade por riba do cientifismo. Sucesivamente, danse diversas escenas de recoñecemento mutuo de Isak e Folke ata que nace unha relación. *Kitchen Stories* vai máis alá que o *Kinsey* de Hill Condon polo que o obxectivo de Hamer non é pór en evidencia unha investigación senón levalos máis alá da mesma, outorgándolles rango de seres humanos, a aqueles que soamente ostentaban os roles funcionais de investigador e cobaia. Hamer outorga vida propia ás súas personaxes e complementa o insólito experimento cunha elegante, axustada e sutil historia de amizade. En tanto que Folke mimetiza os comportamentos do suxeito observado (comendo compulsivamente chocolate) é este



quen se transforma en observador fabricando un buraco no teito para espiar os gráficos que Folke rexistra. Avanzada a película e nacida a amizade entre os dous homes, Isak completará os gráficos que Folke non atendeu debido á resaca.

En tanto que a implicación dos investigadores de *Kinsey* no seu proxecto traducíase na promiscuidade (un tanto críptica e pouco satisfactoria a nivel narrativo), a interrelación investigador-suxeito de *Kitchen Stories* consolídase nunha bela historia de amizade. Hamer define esta identificación entre dous solitarios cunha montaxe moi axustada, evitando afondar nas outras personaxes do estudo, que culmina na escena do aniversario de Isak no que os dous comparten bebida e alcohol. Tras esta escena, o desenlace precipítase dun modo algo forzado e insatisfactorio (quizais máis achegado a un racionamento ou a un sentimento escandinavo que a un mediterráneo). Non obstante, Hamer farase, unha vez máis, co dominio da situación nun epílogo elíptico e rotundo, que pecha coherentemente a filme. Soamente a implicación nun proxecto pódelle dar sentido e, no caso de Folke, da sentido a toda a súa vida.